

# **INFORME CLIMATOLÓGICO MES DE MAIO DE 2023**



## ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN .....	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES.....	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA.....	6
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.....	7
5	TEMPERATURA.....	11
5.1.	Temperatura media das máximas.....	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.....	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	12
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2023.....	17
6	PRECIPITACIÓN .....	18
6.1.	Precipitación acumulada mensual en maio de 2023. ....	198
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.....	19
6.3.	Días de chuvia en maio de 2023 .....	20
6.4.	Evolución da precipitación en maio de 2023.....	22
7	VENTO.....	23
8	RADIACIÓN SOLAR.....	26
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	26
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal.....	27
9	RAIOS.....	28

### **Anexos:**

#### **Resumo mensual**

**Calendario de maio de temperatura mínima**

**Calendario de maio de temperatura máxima**

**Calendario de maio de precipitación acumulada**

**Calendario de maio de refacho máximo**

**Data edición: 06/06/2023**



**Mes de maio moi cálido e moi seco****1 INTRODUCCIÓN**

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
$T < \text{mínimo en } 1981-2010$	Extremadamente frío
$\text{mínimo en } 1981-2010 \leq T < 20\%$	Moi frío
$20\% \leq T < 40\%$	Frío
$40\% \leq T \leq 60\%$	Normal
$60\% < T \leq 80\%$	Cálido
$80\% < T \leq \text{máximo en } 1981-2010$	Moi cálido
$T > \text{máximo en } 1981-2010$	Extremadamente cálido

**Táboa 0.1.** Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
$P < \text{mínimo en } 1981-2010$	Extremadamente seco
$\text{mínimo en } 1981-2010 \leq P < 20\%$	Moi seco
$20\% \leq P < 40\%$	Seco
$40\% \leq P \leq 60\%$	Normal
$60\% < P \leq 80\%$	Húmido
$80\% < P \leq \text{máximo en } 1981-2010$	Moi Húmido
$P > \text{máximo en } 1981-2010$	Extremadamente Húmido

**Táboa 0.2.** Cualificación do mes en función da precipitación.



## **2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES**

O mes de maio de 2023 rexistrou, en xeral, temperaturas superiores ao agardado, xa que, agás na primeira semana, non chegaron apenas masas de aire frío en superficie. Pola contra, predominaron os anticiclóns e a estabilidade, o que levou ás temperaturas, tanto mínimas como máximas, a acadar valores superiores aos normais para este mes. No caso das precipitacións, estas foron moi irregulares, asociadas principalmente a fenómenos tormentosos, polo que vemos zonas con máis chuvia da normal, pero a meirande parte de Galicia rexistrou un déficit de precipitación.

Así, os primeiros dous días do mes foron anticiclónicos, coas altas presións achegando aire cálido e acadándose polo tanto elevadas temperaturas. Pero unha borrasca bastante profunda achegábase o día 3 ocasionando un aumento das nubes e chuvias xeneralizadas a partir do mediodía. A influencia das baixas presións atlánticas prolongouse nas tres seguintes xornadas. Foron días de ceo nubrado, temperaturas suaves con escasa oscilación térmica e chuvias, concentradas principalmente en Pontevedra e no sur da Coruña.

Os días 7 e 8, unha cuña anticiclónica aportou novamente estabilidade, deixando dúas xornadas de tempo seco con ascenso de temperatura. As xornadas entre o 9 e o 13 Galicia quedaba en situación intermedia entre as altas presións dos Azores e as baixas que se localizaban ao oeste de Irlanda. Esta situación non deixou apenas precipitacións pero si propiciou a chegada dunha masa de aire atlántica fría que deixou o único período do mes con valores por debaixo dos agardados.

Entre o 14 e o 19, a situación viña determinada pola presenza do anticiclón no Atlántico, pero tamén moito aire frío no continente europeo, o que conformaba un corredor de isóbaras perfecto para a chegada do nordés. Foron xornadas de moito contraste, co norte de Galicia máis nubrado e frío e o sur máis despexado e con maiores temperaturas.

Esta situación mantívose aínda ata o 22, pero xa nas tardes do 20 e do propio 22 a presenza de aire frío en capas medias e altas da atmosfera propiciaba a aparición de fenómenos tormentosos illados en puntos do interior.




A partir do 23, o nordés mantívose soamente no litoral da Coruña e a presenza de restos de aire frío procedentes do sueste da península Ibérica deixaba fenómenos tormentosos no interior. Estes fenómenos fixéronse máis frecuentes e xeneralizados a partir do 26.


Entre o 26 e o 31 a situación quedou determinada pola presenza das altas presións ao norte da península Ibérica achegando aire frío en altura e unha baixa localizada no atlántico entre os Azores e Portugal, que introducía aire frío en altura e propiciaba a formación de fenómenos tormentosos que foron frecuentes neses derradeiros días do mes 31.

### 3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

A configuración de anomalías de presión en superficie (**Figura 1**) mostra unha forte anomalía positiva localizada en latitudes altas, entre as Illas Británicas e o Mar báltico, e outra negativa ocupando o Mediterráneo Central, tamén destacables no xeopotencial para a presión de 500 hPa (**Figura 2**). Esta configuración de altas presións fortes ou persistentes nesas latitudes modificou o percorrido habitual dos centros de baixas presións, que estiveron a moverse en latitudes moito máis setentrionais e non conseguiron achegarse á Comunidade Galega (véxase á forte anomalía negativa da presión a nivel medio do mar ao norte de Islandia). Porén, o predominio das altas presións en superficie sobre Galicia foi frecuente e os períodos de inestabilidade foron ocasionados por embolsamentos de aire frío e situacións indefinidas en altura sobre a península Ibérica.



**Figura 1:** Anomalías de presión atmosférica a nivel medio do mar para maio de 2023.



**Figura 2:** Anomalías de xeopotencial en 500hPa para maio de 2023.



#### **4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.**

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de Meteogalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m<sup>2</sup>). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

**A CORUÑA**

	MAIO 2023 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	17.3/17.2	15.0	17.6 (2020)	12.1 (1984)
Tª mínima media	14.3/14.1	11.9	14.2 (2020)	9.1 (1951)
Tª mínima absoluta	11.9/11.8 (día 1)	3.6 (03/05/1967)		
Tª mínima máis alta	15.9/16.2 (día 3)	20.2 (17/05/1992)		
Tª máxima media	20.3/20.3	18.0	21.2 (2017)	14.4 (1984)
Tª máxima absoluta	27.3/26.1 (día 3)	34.0 (11/05/1965)		
Tª máxima máis baixa	16.4/16.4 (días 19/12)	10.0 (01/05/2008)		
Precipitación acumulada	7	62-82	164 (1984)	3 (1994)
Días de chuvia (≥1mm)	4	11	21 (1983)	1 (1994)

*Comentario:* Mes extremadamente cálido en temperaturas mínimas y medias. Moi cálido nas máximas.

Apenas caeu precipitación, resultando un mes extremadamente seco, cun número de días de chuvia moito menor que o agardado.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2023. Temperatura: 1948-2023.

**SANTIAGO**

	MAIO 2023	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	16.1	14.6	17.9 (1989)	11.5 (1984)
Tª mínima media	11.2	9.8	12.1 (2020)	7.0 (1984)
Tª mínima absoluta	7.9 (día 10)	1.8 (06/05/1982)		
Tª mínima máis alta	14.6 (día 31)	18.0 (16/05/1992)		
Tª máxima media	21.1	19.4	23.6 (1989)	15.7 (1984)
Tª máxima absoluta	27.9 (día 2)	34.9 (29/05/2011)		
Tª máxima máis baixa	15.7 (día 12)	11.0 (05/05/1985)		
Precipitación acumulada	92	110-139	287 (1994)	4 (1987)
Días de chuvia (≥1mm)	9	12	23 (1993)	2 (1987)

*Comentario:* Mes moi cálido tendo en conta todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada estivo por baixo do rango de valores normais, resultando un mes seco. O número de días de chuvia foi, tamén, inferior ao valor climático agardado.

\* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2023. Temperatura: 1982-2023.



## LUGO

	MAIO 2023	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	15.0	13.4	16.5 (2020)	9.6 (1984)
Tª mínima media	9.1	8.0	10.1 (1999)	5.7 (1987)
Tª mínima absoluta	3.1 (día 11)	-2.0 (06/05/1982)		
Tª mínima máis alta	13.8 (día 30)	16.0 (12/05/1999)		
Tª máxima media	22.1	18.8	24.1 (2020)	12.6 (1984)
Tª máxima absoluta	28.8 (día 2)	34.6 (31/05/2019)		
Tª máxima máis baixa	15.6 (día 12)	8.0 (09/05/1981)		
Precipitación acumulada	27	59-86	193 (1997)	11 (2006)
Días de chuvia (≥1mm)	7	12	21 (1983)	3 (1987)

*Comentario:* Mes moi cálido tendo en conta todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, sendo o mes moi seco. O mesmo ocorre co número de días de chuvia.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2023. Temperatura: 1981-2023.

## PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	MAIO 2023	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	17.8	15.4	18.5 (2011)	12.0 (1984)
Tª mínima media	12.2	10.2	12.9 (2020)	7.3 (1984)
Tª mínima absoluta	8.2 (día 13)	0.4 (06/05/1982)		
Tª mínima máis alta	15.4 (día 29)	19.0 (17/05/1964)		
Tª máxima media	23.3	20.6	24.5 (2011)	16.6 (1983)
Tª máxima absoluta	29.3 (día 24)	35.0 (27/05/2006)		
Tª máxima máis baixa	19.4 (día 12)	10.3 (04/05/1973)		
Precipitación acumulada	57	97-128	331 (1983)	6 (1987)
Días de chuvia (≥1mm)	7	12	23 (1997)	3 (1991)

*Comentario:* Mes extremadamente cálido tendo en conta as temperaturas mínimas e medias e moi cálido as máximas.

A precipitación acumulada quedou por baixo do rango de valores normais, resultando un mes seco. O número de días de chuvia tamén foi inferior ao valor climático.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2023. Temperatura: 1958-2023.



## OURENSE

	MAIO 2023	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	18.0	16.2	19.8 (2020)	12.0 (1984)
Tª mínima media	10.4	9.5	11.5 (2011)	6.7 (1984)
Tª mínima absoluta	5.9 (día 10)	-0.4 (06/05/1982)		
Tª mínima máis alta	15.4 (día 31)	16.8 (29/05/2020)		
Tª máxima media	25.7	22.9	28.0 (2022)	17.3 (1984)
Tª máxima absoluta	32.7 (día 2)	37.9 (28/05/2022)		
Tª máxima máis baixa	19.8 (día 12)	11.6 (01/05/1984)		
Precipitación acumulada	100	49-64	139 (2008)	0 (1976)
Días de chuvia (≥1mm)	8	10	18 (2008)	0 (1976)

*Comentario: Mes moi cálido tomando como referencia todas as temperaturas.*

*A precipitación rexistrada foi moi superior ao rango de valores climáticos, polo que se considera un mes moi húmido. O número de días de chuvia estivo preto, aínda que por baixo do valor agardado para un mes de maio.*

*\*Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2023. Temperatura: 1972-2023.*




## 5 TEMPERATURA

As temperaturas amosan unha anomalía positiva de xeito bastante xeneralizado, tanto nos valores mínimos como nos máximos. Isto é así debido a que, agás nun breve período a mediados do mes, apenas tivemos chegadas de aire frío en capas baixas. Pola contra predominaron os anticiclóns que atraían aire cálido do sur.

### 5.1. Temperatura media das máximas


O valor medio das temperaturas máximas no mes de maio para Galicia, a partir dos valores do mapa da **Figura 3**, foi de 20.2 °C. Os valores máis altos rexistráronse nas ribeiras do Sil e do Miño ourensá e na Fosa de Tui, achegándose aos 26.5 °C. Pola contra, os valores máis baixos déronse nas áreas máis elevadas das Serras de Queixa e do Eixe, con 10.8 °C.



**Figura 3:** Mapa de temperatura media das máximas do mes de maio de 2023.

## 5.2. Temperatura media das mínimas

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de maio, a partir dos valores do mapa da **Figura 4**, para o territorio galego foi de 9.2 °C. Os valores máis baixos rexistráronse nas zonas montañosas de Ourense, con 2.3 °C. Pola contra, os valores máis altos acadáronse nalgunhas localidades costeiras entre a Estaca de Bares e a Ría de Vigo, con 14.9 °C.




**Figura 4:** Mapa de temperatura media das mínimas do mes de maio de 2023.

## 5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010

O mapa de anomalías da **Figura 5** amosa desviacións positivas da temperatura en case que toda a Comunidade. Os valores máis altos localízanse, principalmente, na fachada atlántica, con valores de ata +3.1 °C entre as Rías de Pontevedra e Vigo. As desviacións menos importantes rexistráronse nos arredores do punto de encontro dos ríos Cabe, Sil

e Miño, con valores de  $+0.3\text{ }^{\circ}\text{C}$ . A anomalía de temperatura media no conxunto de Galicia segundo os valores do mapa foi de  $+1.7\text{ }^{\circ}\text{C}$ .



**Figura 5:** Mapa de anomalía de temperatura media ( $^{\circ}\text{C}$ ) de maio de 2023 respecto ó período 1981-2010.

A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (**Táboa 1**) déronse, principalmente, na provincia de Pontevedra, no corredor da Fosa Padrón-Tui, mentres que as máis baixas (**Táboa 2**) rexistráronse, especialmente, no norte da provincia de Ourense e no sur de Lugo, nas ribeiras do Sil.





Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Vilaboa	Pontevedra	2.7
Cambre	A Coruña	2.7
Cotobade	Pontevedra	2.6
Soutomaior	Pontevedra	2.6
Tui	Pontevedra	2.5
Ponte Caldelas	Pontevedra	2.5
Marín	Pontevedra	2.5
Gondomar	Pontevedra	2.5
Betanzos	A Coruña	2.4
Redondela	Pontevedra	2.4

**Táboa 1:** Anomalías de temperatura media máis elevadas no mes de maio de 2023.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	anomalía (°C)
Esgos	Ourense	0.3
Xunqueira de Espadanedo	Ourense	0.6
Nogueira de Ramuín	Ourense	0.6
Parada de Sil	Ourense	0.6
Sober	Lugo	0.7
Monforte de Lemos	Lugo	0.8
Teixeira (A)	Ourense	0.8
Montederramo	Ourense	0.8
Pantón	Lugo	0.9
Castro Caldelas	Ourense	0.9

**Táboa 2:** Anomalías de temperatura media máis baixas no mes de maio de 2023.

Nas **Táboas 3 e 4** móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de maio de 2023 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. Particularmente, sobresaee a xornada do 2 tanto por riba como por baixo dos 1000 m.



Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de maio de 2023 por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
02/05/2023	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	33.0
02/05/2023	Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	32.9
02/05/2023	Ourense	OURENSE	Ourense	32.7
02/05/2023	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	32.5
23/05/2023	Entenza	SALCEDA DE CASELAS	Pontevedra	31.1
03/05/2023	San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	31.1
02/05/2023	Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	30.9
02/05/2023	Meder	SALVATERRA DE MIÑO	Pontevedra	30.8
02/05/2023	A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	30.8
02/05/2023	Monforte	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	30.7

**Táboa 3:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas en maio 2023, altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de maio de 2023 por enriba dos 1000 m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
02/05/2023	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	24.4
02/05/2023	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	24.4
02/05/2023	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	24.0
02/05/2023	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	23.5
02/05/2023	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	23.5
02/05/2023	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	23.0
02/05/2023	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	23.0
02/05/2023	O Xistral	MURAS	Lugo	22.0
02/05/2023	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	21.8
02/05/2023	Ancares	CERVANTES	Lugo	21.6

**Táboa 4:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas en maio de 2023, altitude maior a 1000 m.

Nas **Táboas 5 e 6** móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en Galicia no mes de maio de 2023 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Tanto por riba como por baixo dos 1000 m destacaron varias xornadas concentradas na segunda decena do mes.



Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de maio de 2023 <u>por enriba</u> dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
10/05/2023	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-1.5
13/05/2023	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-1.2
13/05/2023	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-1.2
18/05/2023	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-0.9
11/05/2023	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-0.4
16/05/2023	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	0.0
19/05/2023	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	0.7
10/05/2023	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	0.9
10/05/2023	Ancares	CERVANTES	Lugo	1.1
21/05/2023	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	1.2


**Táboa 5:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en maio de 2023, altitude maior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de maio de 2023 <u>por debaixo</u> dos 1000 m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
13/05/2023	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-2.4
13/05/2023	Baltar	BALTAR	Ourense	-0.9
18/05/2023	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	-0.3
19/05/2023	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	0.2
11/05/2023	Vilarmaior	RODEIRO	Pontevedra	0.4
13/05/2023	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	0.9
13/05/2023	Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	1.0
18/05/2023	Monforte-CFEA	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	1.0
18/05/2023	Morelle	SARRIA	Lugo	1.3
18/05/2023	Rozas	CASTRO DE REI	Lugo	1.6

**Táboa 6:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en maio de 2023, altitude menor a 1000 m.


### 5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2023

Na **Figura 6** pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2023 para esta serie foi de 16.4 °C.



**Figura 6:** Temperatura media ao longo do período 1961-2023 para maio.

A anomalía media da temperatura para este mes de maio en Galicia representada na **Figura 7**, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +2.0 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como **moi cálido**. Se atendemos ás desviacións das temperaturas máximas (+2.5 °C) e mínimas (+1.6 °C), o mes pódese considerar moi cálido. O precedente máis cálido é o ano anterior, 2022.




**Figura 7:** Evolución da anomalía de temperatura media en maio, respecto ao período 1981-2010.

## 6 PRECIPITACIÓN

As precipitacións foron en xeral escasas para un mes de maio, xa que apenas recibimos a visita de fronteas que deixaran chuvias xeneralizadas e de carácter persistente. A meirande parte das chuvias estiveron asociadas a fenómenos tormentosos e, polo tanto, tiveron un carácter moi irregular, con áreas nas que se acumularon cantidades superiores ás normais dun mes de maio e outras cun déficit de precipitación moi acusado.

### 6.1. Precipitación acumulada mensual maio 2023

Segundo os valores do mapa da **Figura 8**, a precipitación media acumulada foi de 65 L/m<sup>2</sup>. As precipitacións acumuladas máis elevadas acadáronse na comarca de Verín, na conca do Río Támega, con ata 158 L/m<sup>2</sup>. Os acumulados de precipitación máis baixos localízanse na Chaira de Bergantiños, onde, localmente, non se superan os 7 L/m<sup>2</sup>




**Figura 8:** Mapa de precipitación acumulada no mes de maio de 2023.



## 6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal

No mapa da **Figura 9** pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de maio con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego, segundo os valores do mapa, foi un 38 % inferior ao período de referencia 1981-2010. A distribución das porcentaxes de precipitación presenta unha distribución moi irregular en todo o territorio galego: entre as Serras do Courel, do Eixe e do Queixa, a porcentaxe de precipitación estivo un 128 % por riba do normal, mentres que en zonas costeiras entre as Illas Sisargas e a Ría de Cedeira, foi un 89 % inferior ao valor climático.



**Figura 9:** Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de maio de 2023.

### 6.3. Días de chuvia en maio de 2023

Segundo os datos da Figura 10, o número medio de días de chuvia maior ou igual a  $1 \text{ L/m}^2$  foi de 8. As zonas con máis días de chuvia, entre 10 e 12, concéntranse, principalmente, en áreas da montaña de Lugo e de Ourense, así como na Serra do Xistral. Na Costa da Morte, preto da Ría de Camariñas, localízase a zona onde houbo menos días de chuvia, 3.




Figura 10: Días de chuvia superior a  $1 \text{ L/m}^2$  durante o mes de maio de 2023.

A **Táboa 7** mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de maio. Os acumulados de precipitación máis altos estiveron entre os  $100$  e os  $150 \text{ L/m}^2$ , destacando, especialmente, os da provincia de Ourense. A **Táboa 8** presenta a precipitación máis altas recollida en 24 horas. Especialmente chuviosa foi a xornada do 3, na que caeron algo máis de  $100 \text{ L/m}^2$  en 24 horas no concello de Santa Comba, na provincia da Coruña.



Precipitacións acumuladas máximas en maio de 2023			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )
Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	148
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	144
Verín-Vilamaior	VERÍN	Ourense	141
Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	128
O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	123
Entrimo	ENTRIMO	Ourense	123
Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	118
Xurés	MUÍÑOS	Ourense	118
Lobios	LOBIOS	Ourense	112
Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	111


**Táboa 7:** Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de maio de 2023.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m <sup>2</sup> )				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )	Instante de inicio (UTC)
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	108	03/05/2023 15:00
Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	64	28/05/2023 22:40
Río do Sol	CORISTANCO	A Coruña	55	03/05/2023 18:40
Vigo-Campus	VIGO	Pontevedra	53	05/05/2023 20:00
Verín-Vilamaior	VERÍN	Ourense	52	29/05/2023 18:40
Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	52	30/05/2023 14:40
Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	48	27/05/2023 18:30
O Viso	REDONDELA	Pontevedra	41	05/05/2023 06:50
Ourense	OURENSE	Ourense	41	28/05/2023 23:10
As Petarelas	RUBIÁ	Ourense	40	30/05/2023 17:40

**Táboa 8:** Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de maio de 2023.


### 6.4. Evolución da precipitación en maio de 2023

Na **Figura 11** pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2023, para esta serie, foi 57 L/m<sup>2</sup>.



**Figura 11:** Precipitación ao longo do período 1961-2023 para maio.

A anomalía media das precipitacións para este mes de maio en Galicia representada na **Figura 12**, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi un 37 % inferior ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse moi seco, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O precedente máis seco foi 2022.



**Figura 12:** Evolución da anomalía de precipitación en maio, respecto ó período 1981-2010.





## 7 VENTO

Na **Táboa 9** móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Nela vemos que, unicamente, se superou este limiar en 4 estacións. Ademais, nalgunhas destas localidades superouse este limiar en varias xornadas, destacando as do 17, 25 e 26 de maio. Como se ve na **Táboa 10**, a porcentaxe de calmas foi moi baixa en zonas do terzo norte e de montaña e algo máis elevada no resto e, por mor da localización das altas presións ao norte da península, a dirección predominante en moitas estacións correspóndese co primeiro cuadrante (N-E).

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en maio				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
17/05/2023	O Xistral	MURAS	Lugo	126
26/05/2023	Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	111
26/05/2023	Xares	VEIGA (A)	Ourense	110
25/05/2023	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	108

**Táboa 9:** Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de maio de 2023.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	87	NE	13	 INTENSIDADES PONDERADAS COA DIRECCIÓN Lira (15/05) a (15/06) 05/2023	 VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Lira (15/05) a (15/06) 05/2023
		Día 17				
Punta Candieira	Cedeira	108	NE	7	 INTENSIDADES PONDERADAS COA DIRECCIÓN Punta Candieira (15/05) a (15/06) 05/2023	 VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Punta Candieira (15/05) a (15/06) 05/2023
		Día 25				
Malpica	Malpica	68	NE	4	 INTENSIDADES PONDERADAS COA DIRECCIÓN Malpica (15/05) a (15/06) 05/2023	 VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Malpica (15/05) a (15/06) 05/2023
		Día 26				



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Marco da Curra	Monfero	59	NE	5		
		Día 26				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de maio de 2023 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Penedo do Galo	Viveiro	79	E	2		
		Día 4				
Campus Lugo	Lugo	46	N	42		
		Día 18				
Ancares	Cervantes	70	NE	10		
		Día 26				

Táboa 11: Resumo vento no mes de maio de 2023 na provincia de Lugo



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xares	A Veiga	110	E	2		
		Día 26				
Alto do Rodicio	Maceda	59	NE	12		
		Día 25				
Gandarela	Celanova	65	N	42		
		Día 26				


Táboa 13: Resumo do vento no mes de maio de 2023 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	111	NE	38		
		Día 26				
Illas Cíes	Vigo	56	NE	21		
		Día 26				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de maio de 2023 na provincia de Pontevedra.

## 8 RADIACIÓN SOLAR


### 8.1. Mapa de irradiación solar mensual



**Figura 13:** Irradiación mensual ( $10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$ ) para o mes de maio de 2023.



## 8.2. Anomalía de insulación con respecto ó valor normal




40 70 100 130 160

**Figura 14:** Anomalía de insulación (%) no mes de maio de 2023 respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.


## 9 RAIOS

A rede de detección de raios de Meteogalicia rexistrou neste mes de maio 13583 raios, a práctica totalidade deles durante as derradeiras xornadas do mes (**Figura 15**).




**Figura 15:** Número de raios por día detectados en Galicia en maio de 2023.

Na **Figura 16** preséntase o número de raios detectados por provincias. Nela pódese comprobar que nas provincias de Ourense, Pontevedra e Lugo o número de raios foi dunha magnitude semellante, mentres que na provincia da Coruña se detectaron menos descargas eléctricas.



**Figura 16:** Número de raios detectados por provincia en Galicia en maio de 2023.

Para rematar, na **Figura 17** pódese ver o número total de raios rexistrados en maio en Galicia dende o ano 2010 ao 2023. Pódese observar que este maio ocupa a segunda praza, mentres que maio de 2017 segue a ser o mes con máis actividade eléctrica da serie.



**Figura 17:** Número total de raios rexistrados en maio dende 2010 a 2023.

**MeteoGalicia**

**Subdirección de Meteoroloxía e Cambio Climático**

**Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático**

**Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2023 Mes: 5

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C				T <sup>a</sup> Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
<b>A Coruña</b>																												
A Gándara	13.8	17.85	25.2	2	11.0	8.0	17	44	14.0	4	-56	87	99	68	53	239	2122	23	74	5	971	11	0					
Aldea Nova	15.0	19.44	27.0	2	11.3	8.5	16	20	4.6	4	-101	84	98	65	54	245	2172	9	56	17	987	10	0					
Arzúa	14.8	21.16	28.3	2	9.3	4.9	11	75	26.9	30	-54	77	98	52	56	251	2178	6	46	30	977	12	0					
Camariñas	15.8	17.83	23.0	27	14.0	11.2	1	17	6.9	5	-102	82	91	69	63	284	2366	23	81	19	1018	8	0					
Cariño	15.9	18.35	23.6	3	13.7	11.1	10	25	6.4	4	-90	82	92	69	46	208	1995	10	50	16	1017	11	0					
Cariño-Porto	16.1	17.92	22.5	3	14.5	12.1	10	18	5.2	4	--	83	92	74	46	211	1933	--	--	--	1019	10	0					
Cespón	17.5	23.71	29.5	2	12.4	8.0	10	36	18.6	6	-118	69	88	47	64	288	2283	9	58	19	1013	9	0					
CIS Ferrol	16.7	20.91	28.0	2	13.1	9.3	13	16	4.6	4	-125	73	87	54	59	265	2232	12	62	17	1016	9	0					
Corrubedo	17.1	22.33	28.1	23	13.4	9.5	13	34	17.0	6	-116	67	80	48	57	254	2205	9	54	19	1014	6	0					
Coruña-Dique	16.2	18.57	24.8	3	14.1	11.0	13	9	4.8	6	**	78	88	66	**	**	**	20	70	5	1017	7	0					
Coruña-Torre de Hérculo	16.8	20.29	27.3	3	14.3	11.9	1	7	2.1	6	**	89	98	73	**	**	**	**	**	**	**	**	7	0				
*Costa	16.0	22.29	28.3	2	10.5	6.0	17	71	37.7	4	**	80	97	55	**	**	**	3	39	26	**	11	0					
*Coto Muiño	14.3	19.63	27.6	2	10.0	5.9	10	63	24.2	4	**	84	98	62	**	**	**	4	40	18	**	10	0					
Fontecada	13.9	18.69	25.9	2	9.9	7.4	1	144	78.7	4	27	77	93	56	53	241	2053	14	60	18	976	10	0					
*Guísamo	15.9	20.56	26.3	2	12.0	8.7	21	32	14.0	6	**	79	96	58	**	**	**	4	47	3	998	8	0					
*Lesende	16.2	21.54	27.3	2	11.9	8.1	11	57	12.4	30	-75	80	97	58	56	253	2199	5	48	18	998	10	0					
Lira	16.2	20.37	26.7	25	12.9	10.5	11	30	14.6	3	-113	74	87	58	64	286	2337	20	87	16	**	9	0					
Mabegondo	16.3	22.16	28.2	2	10.1	3.8	18	34	17.1	6	-93	81	99	57	55	247	2165	8	56	4	1008	9	0					
Malpica	15.2	18.43	24.7	3	12.8	10.8	12	9	2.5	5	-93	89	99	74	63	282	2223	24	68	26	1000	8	0					
Marco da Curra	12.5	17.04	25.4	2	9.1	6.6	10	65	34.9	30	-42	84	98	63	52	236	2151	17	58	25	944	11	0					
Melide	14.4	21.65	28.7	2	8.4	2.5	11	61	15.7	4	-74	75	94	49	59	267	2276	8	56	22	964	8	0					
Muralla	13.0	17.37	24.6	2	9.6	6.8	17	85	35.4	4	-22	82	96	62	56	252	2178	27	81	17	942	11	0					
*O Val	16.4	20.65	27.0	2	12.4	8.4	13	18	4.2	8	**	81	93	65	**	**	**	5	40	17	1011	10	0					
Olas	14.1	19.92	28.8	2	9.4	6.5	13	58	22.1	4	-65	80	97	56	55	248	2186	10	53	5	**	13	0					
*Ordes	15.3	21.18	28.9	2	10.3	4.5	10	60	23.5	4	**	75	91	52	**	**	**	3	56	23	988	10	0					
*Paramos	14.7	19.9	27.3	2	10.6	7.3	17	60	23.0	4	**	78	92	57	**	**	**	**	47	22	976	12	0					
*Pazo de Galegos	16.2	22.25	29.1	2	11.3	6.3	10	84	45.0	28	-54	75	94	50	57	257	2221	4	35	19	**	10	0					
Punta Candieira	14.4	16.78	25.4	3	12.6	10.2	12	17	6.6	4	-86	83	95	68	51	231	2021	28	108	25	989	6	0					
Punta Langosteira	16.3	17.86	24.0	3	14.4	11.4	17	12	7.1	26	**	82	91	71	63	285	2297	20	77	3	1017	5	0					
Río do Sol	13.0	17.87	26.2	2	9.5	6.1	17	73	43.3	4	-36	81	94	61	51	233	2080	19	64	5	956	11	0					
*Rus	15.3	20.88	29.0	2	9.6	3.1	17	40	17.2	4	**	89	100	66	**	**	**	3	40	5	1003	8	0					
Sálvora-Pazo	16.5	20.03	25.3	24	14.0	11.9	11	54	22.8	3	-107	78	88	62	61	276	2412	**	81	26	**	7	0					
Santiago-EOAS	15.6	21.12	27.9	2	11.2	7.9	10	92	34.4	4	-42	74	91	51	50	223	2157	16	76	26	989	11	0					
Santiago-San Lázaro	15.3	20.6	27.7	2	11.0	8.0	21	101	34.3	4	--	77	94	55	59	265	2283	11	78	28	982	10	**					
Sergude	16.0	22.29	29.1	2	11.2	6.6	10	72	29.0	28	**	82	98	55	47	211	2052	**	**	**	**	11	0					
Serra da Faladoira	12.5	16.27	24.8	2	9.5	7.0	16	65	25.3	4	-30	85	96	67	45	203	1926	21	79	17	953	14	0					

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2023 Mes: 5

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C				T <sup>a</sup> Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Lugo																												
A Pontenova	14.2	19.37	29.1	3	10.4	5.3	10	38	6.6	6	**	81	97	59	42	187	1773	7	27	1	**	**	**	**	17	0		
Abradelo	12.9	19.36	25.9	2	7.7	2.9	10	102	20.0	27	**	73	93	48	58	259	2206	**	**	**	**	**	**	**	11	0		
*Alto do Faro	12.1	17.99	25.3	2	7.5	3.7	18	84	25.8	30	**	90	100	62	**	**	**	7	52	25	922	10	0	10	0			
*Alto do Poio	9.6	15.21	21.4	2	4.9	1.2	21	78	14.4	6	**	78	95	55	**	**	**	7	58	26	**	**	**	**	16	0		
Ancares	9.6	14.67	21.6	2	5.4	1.1	10	103	24.1	30	-1	76	93	55	**	**	2072	15	70	26	866	14	0	14	0			
*Borreiros	15.6	19.65	24.8	27	11.8	7.5	10	33	8.2	4	-65	83	96	65	**	**	1716	5	44	17	1012	14	0	14	0			
Bóveda	15.2	22.16	28.9	2	8.9	4.4	11	44	15.4	6	-87	81	100	49	62	280	2358	7	52	19	968	10	0	10	0			
Burela	13.4	16.33	27.3	3	11.2	8.6	12	28	6.0	13	-57	85	95	70	36	151	1634	14	53	3	971	10	0	10	0			
Campus Lugo	14.9	22.09	28.8	2	9.1	3.1	11	26	10.1	6	-100	77	99	45	47	212	2102	6	45	18	972	12	0	12	0			
Castro R. de Lea	14.4	20.23	28.4	2	9.7	4.4	11	47	14.9	30	**	80	97	54	56	255	2283	**	**	**	970	8	0	8	0			
Conchada	14.4	21.39	27.1	3	8.7	4.5	13	37	7.1	6	**	72	96	44	58	259	2307	**	**	**	**	**	**	**	13	0		
Corno do Boi	12.3	17.97	26.1	2	8.2	4.4	17	77	26.5	27	-37	81	97	55	52	234	2161	13	62	3	**	**	**	**	13	0		
Cospeito	14.0	19.84	28.3	2	9.0	3.6	18	26	7.6	6	-93	82	99	55	54	244	2183	10	56	25	**	**	**	**	7	0		
Courel	13.5	19.6	26.2	2	8.0	3.2	16	46	9.4	6	-92	68	92	42	57	257	2245	11	82	26	930	12	0	12	0			
Feiranova-Santaballa	13.7	19.61	28.4	2	8.5	4.0	11	24	7.1	3	-86	87	99	61	53	240	2161	9	54	17	963	9	0	9	0			
Fontaneira	11.4	16.97	24.3	2	7.3	3.4	17	74	19.9	6	-25	80	96	55	54	243	2028	**	91	25	907	11	0	11	0			
Foz	15.2	18.96	30.0	3	12.1	6.8	10	41	8.2	12	-71	81	94	66	44	198	1894	11	53	16	1012	10	0	10	0			
Fragavella	12.1	15.79	24.6	3	8.7	3.2	10	40	8.2	3	-47	86	98	68	36	165	1703	15	71	5	950	13	0	13	0			
Guitiriz-Mirador	12.7	18.34	26.4	2	8.9	5.8	17	25	6.8	6	-88	82	98	54	51	231	2061	9	53	16	940	12	0	12	0			
*Labrada	12.1	15.91	24.4	3	9.0	5.4	10	47	10.0	4	-42	82	95	64	42	188	1843	**	49	4	**	**	**	**	13	0		
*Lourenzá	15.8	20.77	30.1	3	11.4	4.8	18	36	9.4	12	**	79	95	58	**	**	**	4	43	17	**	**	**	**	12	0		
Marroxo	13.6	19.85	26.6	2	8.6	4.2	18	50	23.9	6	-81	76	99	47	55	249	2274	9	49	19	945	12	0	12	0			
*Míllara	15.6	23.27	29.9	2	9.9	4.3	18	76	18.4	6	**	74	96	44	**	**	**	6	48	19	**	**	**	**	11	0		
Monforte	16.0	23.87	30.7	2	8.5	2.5	18	33	14.2	6	-106	78	100	41	59	263	2307	4	44	19	**	**	**	**	8	0		
*Morelle	15.0	22.24	29.0	2	8.0	1.3	18	45	24.2	6	-80	77	99	47	49	222	2077	3	36	22	970	9	0	9	0			
O Cebreiro	10.1	17.69	23.5	2	4.6	0.0	16	76	14.0	6	-40	82	98	58	57	258	2236	11	52	25	872	12	1	12	1			
O Xipro	12.6	18.74	26.3	2	7.6	4.1	10	45	10.0	12	-75	76	94	53	52	236	2128	12	60	4	929	12	0	12	0			
O Xistral	10.6	13.34	22.0	2	8.2	4.3	17	60	13.1	4	-4	93	99	80	44	197	1901	**	125	17	**	**	**	**	18	0		
*Olveda	13.4	20.02	27.2	2	7.9	3.8	17	49	16.8	6	-74	78	98	50	54	244	2191	6	40	19	**	**	**	**	11	0		
Pedro Murias	15.7	18.83	25.2	3	12.8	9.0	18	27	6.9	3	-76	88	98	74	46	208	1915	9	52	17	1015	10	0	10	0			
Penedo do Galo	12.4	15.58	24.8	3	10.0	7.5	12	36	6.6	4	-19	88	98	72	48	61	1853	21	78	4	**	**	**	**	16	0		
Pol	13.0	18.09	26.5	2	8.9	5.1	10	43	9.5	6	**	79	94	56	55	246	2234	12	74	30	944	10	0	10	0			
Portomarín	14.6	21.63	28.4	2	8.5	3.0	18	50	18.5	6	**	80	99	49	57	255	2262	**	**	**	967	8	0	8	0			
Riotorto	15.1	20.06	29.1	3	11.2	5.3	10	40	7.4	15	-77	83	98	58	45	204	2008	7	57	4	**	**	**	**	12	0		
Sambreixo	13.4	19.38	27.6	2	8.0	2.0	10	37	9.6	6	**	81	98	55	54	242	2181	**	**	**	**	**	**	**	10	0		
*San Clodio	16.5	24.65	31.1	3	8.7	3.3	18	34	6.8	6	**	70	99	39	**	**	**	3	35	29	988	14	0	14	0			
*San Fiz	15.4	21.99	28.6	2	10.0	4.8	18	43	21.3	6	-77	74	94	47	**	**	2182	**	51	23	973	12	0	12	0			
Santa Cruz	15.6	20.56	30.1	3	10.7	4.8	10	32	7.5	3	-74	82	98	58	38	172	1794	5	49	17	**	**	**	**	12	0		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2023 Mes: 5

Provincia Estación	T <sup>o</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada			
Serra Vacaloura	12.5	18.7	25.4	2	8.1	3.8	17	45	13.5	6	-54	87	100	57	**	**	2261	24	84	25	**	9	0			
Ventosa	11.9	17.35	24.9	2	7.0	2.3	18	75	16.1	6	-43	75	92	54	54	243	2120	10	61	25	915	13	0			
*Vilamor	15.4	20.15	30.1	3	11.5	5.6	10	37	8.5	13	-62	84	98	63	40	180	1767	**	45	17	**	10	0			
*Xabrega	15.5	23.56	30.0	2	9.0	3.9	18	79	34.6	29	-55	73	96	43	52	232	2139	4	49	4	981	10	0			

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2023 Mes: 5

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C			T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada		
<b>Ourense</b>																										
A Mezquita	12.4	18.78	24.4	2	6.0	0.7	19	71	18.8	28	-66	64	89	41	56	249	2264	11	67	26	903	10	0			
*A Portela	16.9	25.22	30.8	2	9.4	4.4	13	84	16.6	31	-74	62	94	32	62	278	2320	5	43	29	**	10	0			
*A Trabe	14.6	20.7	25.6	2	8.8	5.1	19	68	18.7	27	-74	65	86	44	62	277	2275	4	39	26	929	10	0			
Alto do Rodicio	11.5	17.05	23.8	2	6.7	2.9	13	87	16.8	28	-30	81	98	58	61	274	2351	14	58	25	907	15	0			
Amiudal	14.5	21.57	28.1	2	9.1	5.5	11	104	32.4	31	-33	75	97	45	59	264	2268	9	56	3	955	12	0			
As Petarelas	15.5	23.28	29.4	2	8.4	3.5	13	78	35.2	30	**	64	92	36	64	288	2457	**	**	**	**	12	0			
Baltar	12.8	20.24	25.6	2	4.9	-0.9	13	77	19.5	28	-57	74	100	41	61	275	2350	8	49	3	926	11	3			
Cabeza de Manzaneda	7.2	11.45	16.7	2	3.3	-1.5	10	89	26.0	29	0	78	96	55	54	242	2067	**	69	26	826	13	6			
*Calvos	11.9	18.97	26.0	2	4.1	-2.4	13	97	24.8	29	-17	86	100	58	59	262	2227	8	51	3	**	11	3			
Casaio	11.1	16.05	21.8	2	6.4	2.5	10	76	21.8	30	**	64	87	43	**	**	**	8	77	3	**	12	0			
*Corzos	10.7	17.53	23.0	2	3.8	-1.2	13	81	18.2	29	**	71	92	46	**	**	**	7	41	26	**	13	5			
Entrimo	14.0	20.68	27.1	2	8.7	3.7	13	123	30.2	26	**	79	96	56	46	204	2029	**	**	**	**	11	0			
*EVEGA Leiro	17.0	26.44	32.5	2	8.9	3.8	18	50	21.0	6	**	70	95	36	**	**	**	2	34	4	1007	9	0			
Gandarela	14.3	21.51	28.7	2	9.0	5.0	13	73	27.1	29	-55	83	100	52	56	252	2214	6	64	26	946	13	0			
Lardeira	8.6	14.22	19.2	2	4.0	-0.4	11	87	18.6	30	-22	76	95	51	57	257	2249	19	95	3	840	14	4			
*Larouco	15.8	23.8	29.0	2	8.6	3.7	11	107	23.6	28	**	69	98	37	**	**	**	3	40	3	958	12	0			
Laza	15.0	22.79	28.9	2	7.8	3.0	19	79	16.6	29	-62	68	96	38	59	263	2216	6	49	3	**	12	0			
Monte Medo	14.3	21.3	27.9	2	8.0	3.2	21	95	20.1	29	**	73	96	46	50	224	1861	**	**	**	**	11	0			
O Invernadeiro	12.0	18.86	23.5	2	5.1	-0.9	18	123	19.8	30	-4	72	95	47	58	259	2217	7	63	26	**	12	1			
Ourense	17.4	25.78	32.7	2	10.4	5.9	10	100	41.2	29	**	65	94	34	**	**	**	**	**	**	**	9	0			
Ourense-Estacións	18.0	25.71	33.0	2	11.4	7.0	13	127	63.5	29	--	64	87	36	60	270	2259	4	58	29	1004	14	0			
*Pazo de Fontefiz	15.5	21.89	27.8	2	10.1	5.8	10	64	15.6	6	-96	71	91	47	66	256	2361	7	50	25	971	12	0			
*Ponte Boga	15.4	22.62	29.9	2	8.9	3.7	18	51	14.4	27	-89	75	99	42	58	258	2292	5	38	3	964	11	0			
*Prado	17.2	25.3	30.9	2	10.0	5.3	18	45	15.8	6	**	69	94	40	**	**	**	**	33	19	1003	8	0			
Remuíño	16.8	25.86	32.9	2	9.4	4.6	13	42	13.2	6	-100	71	97	37	55	244	2168	6	53	19	**	12	0			
*Riós	14.1	20.55	25.0	2	8.0	3.8	18	104	32.5	28	-37	66	89	42	61	272	2288	5	37	11	**	11	0			
San Xoán de Río	11.9	17.8	24.4	2	6.9	2.9	10	98	23.8	30	-32	74	95	50	60	271	2340	12	52	3	902	14	0			
Serra do Eixe	10.9	16.83	23.0	2	5.7	0.9	10	117	26.4	28	-9	74	94	49	61	273	2355	12	63	4	881	13	0			
Verín-Vilamaior	15.4	22.89	28.7	2	8.6	3.7	13	140	42.6	30	-11	67	92	40	61	275	2327	6	69	26	955	14	0			
Verín-Vilela	15.2	23.53	28.8	2	6.5	0.9	13	148	29.0	30	7	76	100	40	63	280	2344	4	56	27	**	11	0			
Viana do Bolo	12.9	19.97	24.7	2	5.8	1.0	13	82	20.9	31	-45	72	95	48	57	255	2188	6	52	26	921	13	0			
Xares	8.0	13.42	18.5	2	3.4	-1.2	13	68	13.6	30	-43	70	92	44	56	251	2186	23	109	26	825	11	5			
Xinzo	13.8	21.18	27.6	2	6.3	0.2	19	69	19.0	29	-54	79	100	48	53	236	2173	8	50	3	947	12	0			
Xurés	12.1	17.82	24.0	2	7.1	1.7	13	117	38.8	31	-7	77	98	52	59	263	2264	14	72	26	899	11	0			

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.





Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2023 Mes: 5

Provincia Estación	T <sup>a</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
<b>Pontevedra</b>																											
*A Armenteira	15.1	20.97	27.0	2	10.0	5.8	10	68	30.2	6	-62	77	93	56	56	251	2179	6	45	3	**			9	0		
A Granxa	17.4	24.6	30.5	2	10.4	5.0	13	76	29.6	6	-66	70	94	45	55	247	2217	4	43	26	1013			9	0		
A Lanzada	17.2	22.43	28.7	25	12.7	8.2	10	55	28.2	6	-97	74	89	56	67	301	2359	18	76	25	**			9	0		
*Areas	17.8	23.94	29.8	2	12.4	8.2	10	61	18.8	29	-85	75	93	51	59	262	2263	4	34	12	**			11	0		
*As Eiras	17.8	23.59	30.0	23	12.3	6.9	13	54	18.6	6	-87	70	90	49	67	298	2406	**	45	4	1013			9	0		
Atios	17.2	23.95	29.6	2	10.3	4.8	13	77	32.3	6	-60	82	100	54	60	267	2257	5	49	26	**			9	0		
Baiona	17.4	20.84	25.2	23	13.6	9.2	13	83	61.1	6	-126	71	87	54	67	301	2418	10	60	26	**			9	0		
*Barrantes	16.9	22.62	28.7	25	11.7	6.3	11	48	24.8	6	-86	74	90	54	62	277	2199	**	61	25	**			9	0		
Cabo Udra	17.0	21.36	25.7	23	13.6	11.2	13	55	26.9	6	-104	79	93	61	64	288	2417	16	63	3	**			9	0		
Caldas de Reis	15.9	22.63	28.5	2	10.9	6.9	13	47	15.9	6	-4	74	91	50	52	235	2138	7	51	22	987			11	0		
*Camanzo	16.1	22.24	29.0	2	10.7	5.5	11	90	45.5	28	-44	75	93	53	56	252	2172	5	47	4	994			10	0		
Cangas-Porto	17.5	21.3	26.9	23	14.0	11.0	10	56	21.6	6	**	68	83	50	**	**	**	11	69	26	**			9	0		
Castro Vicaludo	14.5	18.2	24.9	2	11.3	8.4	16	63	35.6	6	-69	78	91	59	62	277	2369	20	80	25	962			9	0		
Castrove	14.9	19.7	26.2	2	11.0	7.5	13	74	33.2	6	-52	80	94	61	59	263	2271	16	75	25	958			10	0		
*Cequeliños	16.9	23.6	29.5	2	11.5	6.5	13	41	10.0	6	-104	70	93	44	60	269	2208	5	46	4	**			12	0		
Corón	16.9	20.74	26.0	26	13.7	10.7	10	35	14.9	6	-108	71	85	53	62	281	2081	20	65	25	1016			8	0		
*Entenza	17.7	24.86	31.1	23	11.8	7.4	13	38	12.6	6	-105	74	96	47	53	237	2220	2	33	11	**			10	0		
Forcarei	13.1	18.76	25.4	2	8.6	5.1	10	110	39.8	6	-4	83	99	57	57	256	2203	14	59	19	**			12	0		
Fornelos de Montes	13.9	18.64	24.8	2	10.0	6.1	11	102	26.5	6	-19	75	90	57	59	263	2273	**	110	25	937			13	0		
Gargamala	16.9	23.38	29.0	2	11.7	7.3	10	84	30.3	6	-64	72	94	48	59	262	2278	5	66	25	**			10	0		
Illas Cíes	17.1	20.92	25.9	23	13.9	11.1	13	53	28.6	6	-103	73	86	58	67	301	2523	10	56	26	**			6	0		
Lalín	13.9	20.07	27.6	2	8.8	4.9	10	85	25.6	6	**	80	99	50	**	**	**	10	51	12	**			9	0		
*Louredo	16.0	22.13	28.8	2	11.5	8.1	16	82	44.7	6	**	82	97	62	**	**	**	2	33	19	991			8	0		
Lourizán	17.2	23.37	29.3	24	12.2	8.2	13	57	32.9	6	-81	74	92	52	55	245	2225	**	35	25	1012			8	0		
*Meder	17.4	24.36	30.8	2	11.6	7.7	13	47	12.8	26	**	71	95	44	**	**	**	1	34	26	1001			12	0		
Monte Aloia	15.0	21.07	28.0	2	10.6	7.5	21	74	28.0	6	-58	78	95	57	55	247	2203	7	48	4	962			12	0		
Mouriscade	13.8	20.71	27.2	2	7.1	-0.3	18	94	26.4	28	-36	77	97	50	58	259	2273	6	54	28	959			11	1		
O Viso	16.3	21.98	28.0	23	11.9	8.5	13	90	41.3	6	-95	69	86	50	62	279	2259	9	54	26	987			12	0		
Ons	16.2	20.26	25.3	2	12.8	9.5	13	60	33.4	6	-84	76	88	60	**	**	2552	21	69	25	1004			8	0		
Pazos de Borbén	16.2	21.81	28.1	2	11.6	7.9	10	69	28.4	6	-74	73	92	52	58	258	2267	8	67	26	986			12	0		
*Pé Redondo	17.0	22.5	28.4	2	12.4	8.3	13	53	24.0	6	--	75	91	56	56	253	2224	**	41	19	**			13	0		
*Ponte Caldelas	15.8	21.61	27.3	2	11.0	6.4	10	62	24.8	6	-72	72	88	54	52	235	2137	3	39	25	977			11	0		
Pontevedra-Campolongo	18.3	24.35	29.5	23	13.2	8.5	13	51	29.2	6	**	66	87	43	**	**	**	**	38	19	**			9	0		
Porto de Vigo	18.0	22.01	29.0	24	14.9	12.2	13	66	31.2	6	-99	70	83	53	66	298	2454	15	65	26	1016			9	0		
Rebordelo	15.4	20.79	27.4	2	10.4	4.5	13	69	25.5	6	--	73	92	54	--	--	2305	9	70	25	976			12	0		
San Nomedio	14.4	19.63	25.9	2	10.5	6.6	13	52	12.7	6	-74	76	91	57	53	237	2077	15	78	26	**			13	0		
Sanxenxo	17.5	22.48	28.3	24	13.1	9.9	10	64	27.1	6	-89	71	87	53	61	273	2380	5	63	26	1014			9	0		
Serra do Faro	11.4	16.8	23.6	2	7.2	3.5	10	106	26.1	6	-4	79	95	56	54	243	2151	21	79	25	906			12	0		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.





Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2023 Mes: 5


Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C			T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada	
*Simes	16.8	22.68	28.6	2	11.3	6.9	13	45	17.6	6	-80	74	91	54	**	**	2127	**	43	21	**	10	0		
*Soutomaior	16.9	23.17	29.1	2	12.0	8.6	10	66	23.6	6	**	76	95	51	**	**	**	**	29	14	998	12	0		
*Torrequeintáns	17.4	23.14	29.0	25	12.5	8.4	10	43	19.3	6	-100	79	94	59	59	265	2334	6	47	26	1010	10	0		
*Tremoedo	17.0	22.17	27.8	2	12.4	7.9	10	39	16.7	6	**	71	89	50	**	**	**	5	45	25	1011	8	0		
Vigo	17.6	22.66	28.9	23	13.1	9.6	10	64	36.5	6	**	67	83	49	**	**	**	**	**	**	**	7	0		
Vigo-Campus	15.1	19.34	26.0	2	11.7	8.4	11	98	52.6	6	-43	73	88	55	61	271	2281	8	74	26	965	9	0		
Xesteiras	13.2	17.77	24.3	2	9.7	6.2	18	89	20.9	4	**	83	97	61	**	**	**	29	92	19	935	10	0		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos



\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.

# TEMPERATURA MÍNIMA DIARIA MAIO 2023







# TEMPERATURA MÁXIMA DIARIA MAIO 2023





# CHUVIA ACUMULADA DIARIA MAIO 2023





# REFACHO MÁXIMO DIARIO MAIO 2023

